

DECRETO DA ALCALDÍA

CONVOCATORIA MESA DE CONTRATACIÓN PARA O SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO NO CONCELLO DE CASTRO DE REI NA MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo),

Visto o escrito presentado pola empresa Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L., con CIF B27445253, que tivo entrada no concello o 29 de maio de 2018, co nº 1.604, en relación á oferta económica presentada pola empresa Recursos e Programas Activos S.L., en sesión pública realizada por esta entidade local o día 24 de maio de 2018, considerando que é inviable economicamente no que se refire ao precio para a realización das horas na modalidade de libre concorrencia.

Mediante a presente resolución convócase á Mesa de Contratación, para o día 4 de xuño de 2018, ás once horas para tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- Valorar a posibilidade de producirse unha oferta con valor anormal ou desproporcionado, procedendo dacordo coa cláusula 21ª do prego rector da contratación, co disposto no artigo 152 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- No caso de que se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, darase audiencia ao licitador que presentase aquela para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que atinxe ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables que dispoña para executar a prestación, e o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións do traballo vixentes no lugar que se desenvolve a prestación.

Terceiro.- Publicar esta resolución na páxina web do concello.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE